

# Actividades para proxectos | Bloque 1 : Presentación e organización de Equipos

Secundaria. 16 a 19 anos

## ¡Séguenos!



### Educación Secundaria

16 a 19 anos



Nivel

Medio



### Temporalización

8 sesións

- ▷ Fase 1: 2 sesións
- ▷ Fase 2: 4 sesións
- ▷ Fase 3: 2 sesións



### Socios

4 socios

## DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

- Os alumnos fan de guías turísticos, pero non do seu propio entorno, senón dun centro escolar doutro país.
- En equipos internacionais deben intercambiar información para que, traballando en grupos nacionais, creen un vídeo amosando un aspecto do outro centro que soben a un muro colaborativo.
- Para rematar elaboran actividades interactivas das visitas guiadas e compártense os resultados e opinións nun foro.

## OBXECTIVO DA ACTIVIDADE

- Crear equipos nacionais e internacionais e establecer a dinámica de traballo colaborativa necesaria nun proxecto eTwinning.
- Coñecer a vida en centros escolares doutros países e outras culturas comparándoas e valorando a súa propia.

## DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

### Fase 1: Preparación

#### Paso 1: Rexistro de estudantes

Os docentes rexistran ós alumnos no TwinSpace do proxecto, facilítanlles as claves e as instrucións para acceder.



#### Paso 2: Formación de grupos nacionais

1. Os profesores forman grupos nacionais de catro alumnos asignando diferentes **roles** que deberán ir rotando periódicamente: coordinador, secretario, portavoz e controlador.



*Suxerencia: Formar grupos heteroxéneos de alumnos con distintas habilidades.*

Os profesores asignan o rol de estudante-administrador ó secretario de cada grupo nacional.



Ábrese unha páxina principal 1 denominada “*COÑÉCENOS*” con instrucións sobre cómo subir unha imaxe que identifique a cada alumno e encher o seu perfil no TwinSpace con información persoal.





Nesta páxina principal 1 inclúense:

- Instrucións para que cada grupo nacional cree unha presentación dos seus integrantes usando a aplicación de [Adobe Spark](#). Ver exemplo picando neste [enlace](#).



- Un muro dixital de Padlet coas presentacións de todos os grupos nacionais dos países participantes.



## **Paso 2: Formación de equipos internacionais**

1. Fórmanse equipos internacionais segundo intereses comúns no foro 1: *“TRABALLANDO EN EQUIPO”* no que:

Os secretarios con perfil de estudante-administrador abren unha nova discusión sobre o tema que o seu grupo nacional quere traballar, ou ben poden responder a un tema proposto por alumnos doutro país, sempre que non respondese antes un grupo do seu país.



Os profesores son os encargados de comunicar que o equipo internacional xa está formado en canto un tema teña resposta dun grupo nacional de cada país.



Créase unha páxina principal 2 “*TRABALLANDO EN EQUIPO*” da que dependerá unha subpáxina para cada equipo internacional. En cada subpáxina inclúese:

- O enlace á discusión de cada equipo no foro 1.
- Instrucións para as tarefas en equipo.



Os profesores insertan unha táboa na páxina principal 2 cos equipos e temas propostos na que os secretarios escriben o nome do seu grupo.



### **Paso 3: Formación de parellas de traballo**



Webcam nun dispositivo en cada centro escolar para a videoconferencia

Os membros dos equipos internacionais de dous países que traballan un mesmo tema danse a coñecer a través dunha videoconferencia no TwinSpace.



O obxectivo da videoconferencia é formar parellas para intercambiar información que usarán na visita guiada do outro centro.

1. Os profesores reparten a cada grupo nacional a metade de **catro citas** relacionadas co traballo en equipo. Pica aquí para ter unha copia das citas.
2. Ábrese unha subpáxina dentro da páxina principal 2 denominada “*FORMANDO PARELLAS*” para explicar a dinámica da videoconferencia e insertar fotografías da experiencia.



3. Os secretarios de cada grupo toman nota das parellas que se formen e escriben os seus nomes na táboa desta subpáxina.



## Fase 2: Posta en práctica

### Paso 1: Creación de visitas guiadas

1. Os profesores crean un documento Drive para cada equipo no que calquera usuario co enlace poda editar. Insertan os enlaces nas subpáxinas dos equipos para que as parellas formadas interactúen.



2. Neste documento as parellas dos equipos deben facerse tres preguntas sobre o tema elixido. Ó principio de cada documento os alumnos escriben o seu nome na cor coa que van escribir as súas intervencións. Picar [aquí](#) para ver un exemplo.



3. Os profesores abren unha carpeta para cada equipo na sección de materiais para que os alumnos suban tres imaxes libres de copyright, incluíndo unha breve descrición e citando o autor e a fonte, coas que os seus compañeiros ilustrarán os seus vídeos.



4. Os profesores crean unha páxina principal 3 “*VISITAS GUIADAS*” con instrucións e un muro de Padlet para cada centro no que os grupos subirán os seus vídeos.



5. Os grupos nacionais insertan a información recollida nos documentos compartidos nunha presentación en [Adobe Spark](#), engadindo as imaxes que os seus socios subiron previamente á carpeta de materiais. Picar neste [enlace](#) para ver un exemplo.



## Fase 3: Recollida de datos e promoción

### Paso 1: Actividades interactivas sobre as visitas guiadas

1. Cada equipo internacional elabora unha actividade interactiva sobre o tema investigado para que o resto de compañeiros as completen despois de ver as visitas guiadas. Un secretario de cada equipo incrusta esta actividade nunha páxina principal 4 “¡A XOGAR!” creada polos docentes.



2. Os equipos internacionais usan a ferramenta de [learningapps.org](#) na que cada grupo nacional debe incluír catro preguntas sobre o seu vídeo. Haberá unha única actividade por tema con información de todos os países participantes.



3. Os equipos usan o foro 1 para colaborar na creación desta actividade.

*Suxerencia:* Os profesores poden crear unha clase en [learningapps.org](https://learningapps.org) na que engaden o nome de cada equipo e un contrasinal. Esta conta en común facilita que os alumnos non teñan que rexistrarse e que varios grupos podan editar unha mesma actividade.

## **Paso 2: Foro para reaccións**

Os profesores abren un foro 2: “¡A XOGAR!” cun fío de discusión para cada tema para que todos comenten os resultados e opinións sobre os xogos.



## **PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)**

- Presentacións interactivas dos grupos nacionais
- Visitas guiadas dos centros escolares e o seu entorno en vídeo
- Actividades interactivas sobre as visitas guiadas

## **FERRAMENTAS DO TWinspace/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS**

- Twinspace: diario de proxecto, foro, páxinas do Twinspace, actividade en vivo
- Muros dixitais (Padlet / Dotstorming / Lino)
- Plataforma para crear actividades interactivas ([learningapps.org](https://learningapps.org))

## **EXEMPLO(S) DE ACTIVIDADES EN PROXECTOS REAIS (EXEMPLOS DE BOAS PRÁCTICAS)**

- Exemplo de presentación de grupos: <https://padlet.com/CC/breaktheice2016>
- Exemplo de entrevista nun documento de Drive: <https://docs.google.com/document/d/13VtJWxYLV8olnTnm-rpoCkMFmL6SLFdksOy49NmmuR4/edit?usp=sharing>
- Exemplo de visita guiada: <https://padlet.com/CC/guidedtours2015>
- Exemplos de actividades interactivas:

<https://learningapps.org/watch?v=pwbufxw1n16>

<https://learningapps.org/watch?v=p2zigte2n01>